



AXENDA PARA O MES DE XUÑO

- Sendeirismo, Camiño Miñoto Ribeiro o 15 de xuño.
- “Recollendo Pegadas” para conmemorar o Día Mundial do Medio Ambiente o 22 de xuño.
- Programación Xuvenil:
 - Obradoiro de Globoflexia o 7 de xuño.
 - Curso de Animación Musical e DJ o 6, 13 e 20 de xuño.
 - Curso de Primeiros Auxilios na Infancia o 29 de maio, 5, 12 e 19 de xuño.
- Programación da Terceira Idade:
 - Escola do móbil: “Actualízate co whatsapp”, o 10 de xuño.
 - Excursión en Catamarán pola Arousa o 12 de xuño.
 - Baile-Sardiñada de San Xoán o 15 de xuño.
 - Bingo especial de verán o 20 de xuño.
 - Clausura-fin de curso actividades do Centro Social o 21 xuño.
- Programación Ponte de verán:
 - Descenso do Ulla en Piragüas, o 30 de xuño.
 - Goza do Ulla, aberto o prazo para anotase.
 - Piscina Municipal, abre o 14 de xuño.
 - Ludoteca de Verán, aberto o prazo para anotarse.
 - Acamparte 2019 da Anpa CEIP Ortigueira, prazo aberto para anotarse ata o 22 de xuño.
 - Escola de Verán de Amabul, aberto o prazo para anotarse.

CALENDARIO VEDRA FESTEIRA

- Festa de Santa Isabel en San Fins o 2 de xuño.
- Festa das Flores en Santa Cruz o domingo 2 de xuño.
- Baixada da Virxe do Gundián o domingo 9 de xuño.
- Festas do corpus:
 - En Vedra e en Illobre o 23 de xuño.
- Festas do San Pedro:
 - En San Pedro de Sarandón e San Pedro de Vilanova: o 29 e 30 de xuño.

XUÑO

L	M	MC	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

AXENDA INICIATIVAS ASOCIATIVAS

- Excursión á Ronda das Adegas en Miranda do Douro, organizada pola Asociación Cultural San Campio do 7 ao 9 de xuño.
- Xogo de Peñas da Asociación Xuvenil Dorna de Trobe o sábado 15 de xuño.
- Prazo de inscrición aberto para participar da Escola de Verán

CULTURA

PRESENTACIÓN DO LIBRO “CALAS BLANCAS” DE EMILY RODRÍGUEZ SANTOS

- Data: 14 de xuño ás 21:00 h.
Lugar: Campo da festa do Gundián.

Programa:

- Ás 21:00 h. presentación do libro coas seguintes intervencións:

- A autora do libro.
- Shuarma (vocalista do grupo Elefantes)
- Victoria Díaz Castañeira (fotógrafa artística da portada da obra literaria)

- Ás 21:45 h. Booktrailer.

- Ás 22:00 h. Actuación acústica de Shuarma (vocalista do grupo Elefantes)





Programa cultural das nosas letras...
Sábado 11 de maio ás 11:00 h. na biblioteca: A ruleta do coñecemento.



Programa cultural das nosas letras...
Venres 17 de maio ás 11:00 h. na Nave da Estación:
Festival das nosas letras.



Participación de Vedra no Torneo de Fútbol Sala Intermunicipal 2019, celebrado en Arzúa



Obradoiro de cociña erótica no Posta a Punto.



Mulleres+



Curso de igualdade e prevención da violencia de xénero.



Excursión ás Termas de Outariz e paseo pola Fraga de Catasós da terceira idade.



Excursión da nosa terceira idade a Extremadura.

VEDRA FESTEIRA



Festa do Carneiro ao Espeto en San Xián.



Así foi Vedra Festeira Festa do Porco á Brasa en Trobe.



Festa do Pulpo en Vedra.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



A Asociación Raiceiros está a desenvolver nos centros de ensino da comarca os obradoiros "Ulla Naturalmente" que teñen de base o caderno de campo.





Actuación de maxia organizada pola ANPA Ceip Ortigueira.



Concerto da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla coa Escolanía da Catedral de Santiago.



Os campións da Asoc. Cultural San Campio na Romaría Etnográfica Raigame.



Membros dos Campiños da Asociación Cultural San Campio no Luar.



Entrega de premios do Concurso do Serán das Letras da Asociación Cultural San Campio.



Así foi a Foliada do Serán das Letras da Asociación Cultural San Campio.

Ponte de Verán

Co verán chegan as vacacións, o bo tempo, as festas...é o momento de botarlle un ollo a todas as propostas que chegan a Vedra!!

Toda a información relativa na nosa páxina web: www.concellodevedra.com.

ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE NO VERÁN

Descenso do Ulla en Piraguas
O domingo 30 de xuño

Domingo 30 de xuño ás 10:00 h.

Illas de Gres-Agronovo. Percorrido aproximado 12 km.

Prezo: 20 euros/persoa. (Inclúe piragua, desprazamento entre os puntos de chegada e saída e seguro participante)

Inscripcións ata o 26 de xuño (prazas limitadas) no mail: cultura@concellodevedra.com e no teléfono 981 814 691

VOLUNTARIADO XUVENIL

Achégase o verán... tes moito tempo libre, e non sabes que facer co mesmo? Queres aproveitalo aprendendo e adquirindo experiencia de cara a un futuro laboral? Anímate a participar como voluntario xuvenil! e reserva a túa praza (prazas limitadas).

Se tes entre **16 e 30 anos**, podes participar nas diferentes áreas nas que se desenvolverán as **accións voluntarias**: atención a peregrinos, dinamización sociocultural, accións ambientais, campos de traballo ...

Ademais, as persoas voluntarias, contarán con formación, seguro de accidentes e de responsabilidade civil, e serán cubertos os gastos de desprazamento e manutención.

Se tes interese en recibir máis información ou inscribirte, podes contactar a través do teléfono 981 814 695 ou xuventude@concellodevedra.com

APÚNTATE XA!!!

ACAMPARTE 2019 DA ANPA CEIP ORTIGUEIRA

Alternativa para nenos e nenas de entre 3 e 12 anos para pasalo en grande aprendendo a nosa tradición con moita festa!

No "Acamparte" haberá tempo para excursións á contorna, días de piscina, xogos de auga...

Datas: do 1 ao 31 de xullo.

Inscripcións abertas ata o 25 de xuño nos teléfonos 661 351 053 ou 609 801 962. Prazas limitadas.

Prezos:

Para persoas socias da ANPA:

100 euros ao mes.

60 euros por quincena.

35 euros por semana.

Para persoas non socias da ANPA

125 euros ao mes.

75 euros por quincena.

40 euros por semana.



Imaxe da edición pasada do Acamparte do CEIP Ortigueira.

Ponte de Verán

LUDO VERÁN VACACIÓNS LÚDICAS

Un verán máis a ludoteca propón un espazo de conciliación familiar moi divertido para nenos e nenas!!

A ludoteca ten como obxectivos proporcionar á infancia vedresa, espazos lúdico/educativos adecuados para favorecer o crecemento persoal, a adquisición de valores, hábitos, habilidades, a súa socialización e o desenvolvemento das súas capacidades.

Desenvólvense programas de actividades baseadas na aprendizaxe por medio do xogo, a vivencia de experiencias novas, o desenvolvemento de talleres, de dinámicas de grupo, etcétera, características da educación no tempo libre.

Con esta intención, ofertamos os seguintes obradoiros e actividades para este mes:

- Xogando en valores: Contacontos
- Experimentos divertidos : "o profesor chifrado"
- Obradoiro de circo.
- "Mr/s. Manitas"
- Patrulla ambiental
- Compañeiros/as de xogo: Xogos reunidos.
- Superchef
- Móvete e baila: danzas do mundo.
- O xoguete favorito de...
- Benvida ao verán, super-festa
- Do 24 ao 28 de xuño Xogos do mundo, olimpíadas do xogo.

**HORARIO DA LUDOTECA EN VERÁN A PARTIR DO 24 DE XUÑO E NOS MESES DE XULLO E AGOSTO:
DE LUNS A VENRES DE 8.30 A 14.30 H.**

**O PRAZO DE INSCRIPCIÓN PARA A LUDOTECA DE VERÁN É
DENDE O 3 DE XUÑO ATA FINALIZAR O MES.**

Máis información no teléfono 699 041 486 ou no 981 814 693 en horario de 9:00 a 14:00 h no despacho da educadora familiar.



GOZA DO ULLA 2019

**...GOZA DO ULLA EN VEDRA O DOMINGO 4 DE AGOSTO
CORREDOR TEMÁTICO DO RÍO ULLA "SAN XOÁN DA
COVA"**

Esta ruta discorre por un tramo da Vía da Prata e o resto discorre pola marxe dereita do río Ulla, aproveitando camiños de paso e sendas de pescadores (Rede Natura).

Ten o seu inicio na Capela do Santiaguíño e o remate na Área de Recreo de Cubelas. No seu percorrido atopámonos con numerosos puntos de interese, a capela e a fonte do Santiaguíño, o pobo da Ponte Ulla coa súa igrexa, o muíño de Reboredo, a Área de Recreo de Agronovo, o Couto de Ximonde...

Son 14.6 km de percorrido gozando da beleza paisaxística de Vedra.

Punto e hora de encontro: Área de Cubelas (San Pedro de Sarandón) ás 9.30 h.

Podes anotarte no teléfono 981 814 691 ou no enderezo electrónico casadospeons@concellodevedra.com ata o 2 de agosto.

ESCOLA DE VERÁN DA ASOCIACIÓN MEDIO AMBIENTAL AMABUL

Volve esta alternativa de verán que busca que as mozas e mozos de Vedra, se fagan protagonistas da súa educación, interactuando co medio que as/os rodea.

Para quen é? Para a mocidade maior de doce anos.

Como é? Durante o mes de xullo a ESCOLA DE VERÁN AMABUL imos facer acampadas e saídas, descubertas da contorna, obradoiros con xente de Vedra e moito máis.


Cando é? Do 1 ao 26 de xullo de luns a venres en horario de 10:00 a 14:00 horas (agás en actividades puntuais).

Onde é? No local social de Vedra (temos servizos de transporte a todas as parroquias do concello)

Canto custa? 100 euros (para saídas, manutención, desprazamentos).

Máis información e inscricións:

www.facebook.com/asoc.amabul ou no teléfono: 616 506 675 / 620 424 090.



Ponte de Verán

PISCINA MUNICIPAL TEMPADA 2019

APERTURA DA PISCINA MUNICIPAL:

venres 14 de xuño.

HORARIO:

De luns a venres de 15:00 a 21:00 h.
Sábados, domingos e festivos de 16:00 a 21:00 h.

TELÉFONO: 653 13 13 44

En caso de mal tempo as instalacións permanecerán pechadas!

TARIFAS PISCINA MUNICIPAL DE VEDRA

1) ENTRADA A PISCINA SEN ABONO:

-Persoas empadroadas en Vedra:

- Menores de 6 anos: ENTRADA GRATIS
- Maiores de 65 anos: 1 €
- Menores de 14 anos: 1 €
- Maiores de 14 anos: 2 €

-Persoas NON empadroadas en Vedra:

- Menores de 6 anos: 1 €
- Maiores de 65 anos: 2 €
- Menores de 14 anos: 2 €
- Maiores de 14 anos: 3 €

2) BONOS:

- Persoas empadroadas en Vedra:

	Menores de 14 anos	Maiores de 14 anos:
A) Bono de 12 baños:	6 euros	10 euros
B) Bono de 20 baños:	8 euros	15 euros

- Persoas non empadroadas en Vedra:

	Menores de 14 anos	Maiores de 14 anos:
A) Bono de 12 baños:	12 euros	20 euros
B) Bono de 20 baños:	16 euros	30 euros

3) ABONOS FAMILIARES: (composto por persoa titular, cónxuxe e fillos menores de 14 anos)

- Para familias de Vedra: 36 € / por toda a tempada.

- Para familias de fóra de Vedra: 100 € / por toda a tempada.

4) ABONOS INDIVIDUAIS:

- Individual: (para persoas empadroadas en Vedra): 30,00 €

- Individual: (para persoas non empadroadas en Vedra): 80,00 €.

ACTIVIDADES ACUÁTICAS

Do 1 ao 31 de xullo

A data límite para inscribirse remata o 27 de xuño, as incorporacións posteriores a esa data deberán esperar 7 días para iniciar a actividade. Isto é debido a que a Lei 13/2015 de 24 de decembro obriga a que as actividades deportivas deben estar cubertas por un seguro de accidentes específico ademais do seguro de responsabilidade civil.

ACTIVIDADES DE INICIACIÓN ACUÁTICA

Nados/as no ano 2016 e posteriores.
Acompañados/as do pai/nai/titor/a.
De luns a xoves de 15:30 a 16:15 h.

NATACIÓN INICIACIÓN I

Nados/as en 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015.
De luns a xoves de 16:15 a 17:00 h.

NATACIÓN PERFECCIONAMENTO I

Nados/as en 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015.
De luns a xoves de 16:15 a 17:00 h.

NATACIÓN INICIACIÓN II

Nados/as en 2006, 2007, 2008, 2009 e 2010.
De luns a xoves de 17:00 a 17:45 h.

NATACIÓN PERFECCIONAMENTO II

Nados/as en 2006, 2007, 2008, 2009 e 2010.
De luns a xoves de 17:00 a 17:45 h.

NATACIÓN INICIACIÓN PERSOAS ADULTAS

A partir de 14 anos.
De luns a xoves de 17:45 a 18:30 h.

NATACIÓN PERFECCIONAMENTO PERSOAS ADULTAS

A partir de 14 anos.
De luns a xoves de 17:45 a 18:30 h.

PREZOS:

Cursos para menores de 14 anos:
7 € + ABONO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.
Cursos para maiores de 14 anos:
13 € + ABONO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.

Para a inscrición en calquera destas actividades é imprescindible ter un abono na piscina municipal de Vedra para a tempada do verán 2019.



CELEBRACIÓN DO DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

■ O Día Mundial do Medio Ambiente, que se celebra o 5 de xuño, é o evento anual máis importante para promover a acción en favor do medio ambiente. O tema para 2019 xira arredor da “Contaminación do aire”. Unha chamada á acción para combater un grave problema que afecta a millóns de persoas en todo o mundo.

O Concello de Vedra para conmemorar este día propón unha actividade chamada “**Recollendo pega-**

das” que terá lugar o vindeiro sábado **22 de xuño**. Esta actividade este dirixida a toda a familia e terá unha duración de todo o día, inclúe unha andaina de mañá pola ruta de San Xoán da Cova, un xantar popular en Agronovo (por conta de cada un e preferiblemente non embolsada) e obradoiros con temática medioambiental e de uso responsable pola tarde.

Imprescindible anotarse antes no teléfono 981 814 691 ou no correo cultura@concellodevedra.com

Deporte



SENDEIRISMO CAMIÑO MIÑOTO RIBERIO

■ O grupo de sendeirismo continúa a realización do Camiño Miñoto Ribeiro.

Nova etapa: De Azoreira a Cortegada.

Data: sábado 15 de xuño.

Horarios e puntos de recollida:

- Ás 7:00 h na Estación de autobuses.
- Ás 7:05 h no Hipercor.
- Ás 7:20 h no Breixo.
- Ás 7:25 h en Lestedo.
- Ás 7:30 h en Mosqueiro.

Inscripcións abertas ata o 13 de xuño ou ata cubrir aforo no teléfono 981 814 691.



Muller



MULLERES+

■ Neste mes comezou o Programa MULLERES+, programa para a promoción da igualdade e autonomía e prevención da violencia de xénero.

O programa artículase en torno aos seguintes obxectivos xenéricos:

- Potenciación das propias capacidades.
- Empoderamento e participación comunitaria.
- Mellora da Calidade de vida.
- Igualdade e exercicio de dereitos.

O programa Muller+ ten como obxectivo a mellora

das habilidades sociais, autoconcepto, autoxestión e exercicio de dereitos e a participación de mulleres en situación de vulnerabilidade.

A organización en bloques temáticos conta coa flexibilidade suficiente para, por unha parte, dar resposta ás necesidades comúns das mulleres participantes, e polo outro, atender ás peculiaridades de cada unha delas, superando así unha estrutura ríxida de tipo “curricular” para configurarse máis coma unha estrutura de apoios ao desenvolvemento e crecemento persoal.



VEDRA EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

MULLERES ASASINADAS ANO 2019

23



NOVA OFERTA FORMATIVA: CORRESPONSABILIDADE

■ Eixe central do curso dirixido a homes; queremos ofertar un curso de corresponsabilidade dirixido a homes, dar un impulso para incorporar ao xénero masculino ás tarefas da igualdade. Trátase dunha nova acción de sensibilización e educación en igualdade que terá como obxectivos xerais fomentar a corresponsabilidade nas tarefas domésticas, participar activamente no coidado e alimentación das persoas que conviven no fogar e a aprendizaxe de novas destrezas que permitan aos homes ter autonomía persoal, así mesmo abórdanse os coidados e os afectos. Na sociedade actual na que muller e home deben ir conquistando novas esferas de equidade e afrontando igualdade de oportunidades e de actuación no ámbito laboral e familiar, faise necesario que os homes adquiran as destrezas e habilidades que son necesarias para que se poida levar a cabo unha efectiva distribución no traballo do fogar e nas responsabilidades de coidado. Traballaranse cuestións relativas á cociña, ao coidado dun mesmo, técnicas básicas para o cambio postural de persoas maiores, coidado de menores, pautas educativas básicas, a necesidade dos afectos, aprendizaxe de técnicas básicas do repasado, coser, etc.

Se tes interese en participar chama o teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com de 9:00 a 14:00 h.

CONECTADAS POLO EMPREGO

■ Ofrece as seguintes actividades DE MANEIRA GRATUÍTA e en formato virtual, dirixidas a mulleres con necesidades educativas e/ou de inserción ou mellora laboral:

- Asesoramento especializado en diferentes cuestións relacionadas con emprego e formación: marca persoal, ferramentas e recursos de procura de emprego axustados aos diferentes perfís profesionais, redefinición de obxectivos profesionais, diversificación profesional, información sobre os diferentes plans de formación existentes na actualidade, etc.
- Aulas virtuais e seminarios web: pímulas formativas con información sobre diversas técnicas e ferramentas aplicadas á procura de emprego.
- Acompañamento e desenvolvemento persoal: para traballar as competencias persoais e profesionais axustadas ao perfil profesional e aos obxectivos laborais das participantes e apoiar a resolución de dificultades que xorden ao longo do proceso.

Se estás interesada en participar chama o teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com de 9:00 a 14:00 h.

OBRADOIRO “ENREDADAS NOS FEMINISMOS” ACTIVISMO E O PAPEL DAS MULLERES NA TRANSFORMACIÓN SOCIAL

■ Consiste en talleres nas parroquias do concello de Vedra onde se traballará o apoderamento da muller rural, a construción dunha identidade colectiva, a importancia do asociacionismo, a igualdade de oportunidades, prevención da violencia de xénero, fomento do autoemprego e o cooperativismo.

Tamén abordaremos a formación en novas tecnoloxías para a adquisición de competencias que minguen a fenda dixital que permita estar presentes e participar activamente nesta sociedade global.

CONTIDOS DA FORMACIÓN:

1. Introducción ao activismo social, feminismo e

- perspectiva de xénero.
2. Historia do feminismo.
 3. As asociacións de mulleres e o seu papel transformador.
 4. Perspectiva de xénero e igualdade de oportunidades.
 5. Dinamización e activismo social.
 6. Acción local e transformación global.
 7. O público e o privado: unha mirada feminista da nosa identidade.

Para máis información poñerse en contacto no tf: 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



VEDRA MEDRA

Ata o 40 de maio non quites o saio e se es de Lugo, ata o 30 de xuño

■ O curso vai finalizando e con el o proxecto Vedra medra deste primeiro semestre do ano. Acabamos de festexar o Día das Letras Galegas ao xeito dunha romaría tradicional con comida e traxe de festa e música e baile tradicionais como a Antonio Fraguas lle gustaría. Incorporamos a música local coa Requinta da Laxeira, a mostra de traxe tradicional da man de dúas mestras, Iolanda e Alba, cantamos e tocamos a “Muiñeira e os dous pasos de Toutón” e Rosalía de Castro estivo presente na coreografía de “Malaxente” de M. J. Pérez que fixeron os/as alumnas de 1º de ESO. Tamén houbo xogos populares para todos desde educación infantil ata ESO. As actuacións de **Vedra medra** recuperáronse en setembro.

Agora estamos ultimando xa a terceira quenda de recollida de vocabulario relacionado cos xogos, o pan e a matanza.



Aínda que a fin de trimestre determine a nosa actividade, o Facebook **Vedra medra** continúa e non pecha. Seguimos ata finais de xuño incorporando novas de interese para os nosos seguidores cada semana.

Vedra medra traballa acotío desde hai tres cursos para achegar ás aulas do CPI de Vedra un PATRIMONIO VIVO.

Servizos Sociais



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE



Actuación do Grupo de Teatro de maiores do Centro Social de Vedra en Santa Cruz.

■ **Escola do Móbil: “Actualízate co WhatsApp”**
Luns 10 de xuño ás 20:00 h. no Centro Social.

■ **Excursión e Catamarán pola Arousa**
Mércores 12 de xuño.
Prezo: 30 € (Inclúe transporte,

visitas, xantar e viaxe en catamarán con degustación de mexillóns e viño) -prazas limitadas- (O prazo de inscrición para esta saída ábrese o 29 de maio no teléfono 981 814 695. As prazas e número de asento adxudícanse por rigorosa orde de inscrición)

■ **Baile-Sardiñada de San Xoán**
Sábado 15 de xuño ás 19:30 h.
Haberá música, festa e sardiñada!! Para asistir á sardiñada é preciso retirar un ticket que ten un custo de 5 €/participante (Menú: sardiñas, churrasco e sobremesa). Para a retirada de tickets dirixirse ao Centro Social entre o 25 de maio e o 10 de xuño.

■ **Bingo Especial de Verán**
Xoves 20 de xuño ás 20:00 h.

■ **Clausura-fin de curso actividades do Centro**
Venres 21 xuño ás 19:00 h.
(As persoas interesadas en participar na clausura de fin de curso, deberán anotarse na cafetería do Centro Social)

PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN XUVENIL VAL DO ULLA

■ Presentamos as propostas deste programa para o mes de xuño...

...CONTINÚA O PROXECTO "POSTA A PUNTO"

Continúa a programación do Posta a Punto para a Xuventude de Vedra, con propostas orixinais, interesantes, formativas,... para a mocidade!!

...CONTINÚA O PROXECTO PUNTO A PUNTO!

Esta outra liña de acción propón dar respostas formativas aos potenciais xacementos de emprego no territorio "punto a punto" no ámbito do turismo (co río Ulla como eixe) no ámbito socio-sanitario, no acompañamento social e no ámbito das TICs. Con esta perspectiva presentamos as súas propostas para este mes de xuño...

Destinado á mocidade entre 14 e 30 anos.

Programa de Dinamización Xuvenil

POSTA A PUNTO

Val do Ulla 2019

Obradoiro de GLOBOFLEXIA

Venres 7 de xuño ás 20 horas

CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN DE VEDRA
(Casa da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla)

Máis info e inscricións:

VÍDEA: 981 814 691
www.ulla.com/concellovedra.com

BOQUELÓN: 981 813 118
concelloboquelon@gmail.com

VIA DE CRUCES: 981 802 017
concelloviadecruces@gmail.com

Concello de Vedra, Concello de Boqueleón, Concello de Viadecruces, XUNTA DE GALICIA

Destinado á mocidade entre 16 e 30 anos.

Programa de Dinamización Xuvenil

PUNTO A PUNTO

Val do Ulla 2019

CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS NA INFANCIA

Mércores 29 de maio e 5, 12 e 19 de xuño
de 19:30 horas a 22:00 horas

LOCAL SOCIAL DE SERGUDE
(Sergude - Boqueleón)

Máis info e inscricións:

VÍDEA: 981 814 691
www.ulla.com/concellovedra.com

BOQUELÓN: 981 813 118
concelloboquelon@gmail.com

VIA DE CRUCES: 981 802 017
concelloviadecruces@gmail.com

Concello de Vedra, Concello de Boqueleón, Concello de Viadecruces, XUNTA DE GALICIA

Destinado á mocidade entre 16 e 30 anos.

Programa de Dinamización Xuvenil

PUNTO A PUNTO

Val do Ulla 2019

CURSO de ANIMACIÓN MUSICAL e DJ

Xoves 6, 13 e 20 de xuño
de 19:30 horas a 22:00 horas

CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN DE VEDRA
(Casa da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla)

Máis info e inscricións:

VÍDEA: 981 814 691
www.ulla.com/concellovedra.com

BOQUELÓN: 981 813 118
concelloboquelon@gmail.com

VIA DE CRUCES: 981 802 017
concelloviadecruces@gmail.com

Concello de Vedra, Concello de Boqueleón, Concello de Viadecruces, XUNTA DE GALICIA

+INFO, RESERVAS E CONSULTAS NO TELÉFONO 981 814 691

Iniciativas Asociativas

XOGO DE PEÑAS DA ASOCIACIÓN XUVENIL DORNA DE TROBE

■ Un ano máis chega esta orixinal e divertida proposta da man da Asociación Xuvenil Dorna. Será un día diferente de... xogos, competición, equipo, estratexia... e diversión garantida!!

XOGOS POPULARES
LANZAMENTO DE KATUSKA

XINCA NA IMPOSSIBLE
TIRO A DIANA CON CAIDA A ALGA

XOGOS DE PISTAS OCULTAS

PHOTOCALL

OS RELEVOS IMPOSSIBLES

MINI-FERRA CON LANZAMENTO DE BÓLOS DARDOS PESCA DE PATINOS

XOGO DE PEÑAS KIDS

INSCRÍBE A TUA PEÑA DE 5 PARTICIPANTES MAIORES DE 16 ANOS FANTÁSTICOS PREMIOS PARA OS PRIMEIROS CLASIFICADOS

PREZO: 12 € PERSOA PREZO CON XANTAR: 22 €

INSCRICIÓN - INFO: 619 942 583

asociacionxuvendorna@gmail.com
ASOCIACIONXUVENILDORNA.COM

MOSTRA DE FIN DE CURSO DA ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

■ Mostra de fin de curso das actividades organizadas pola Asociación Cultural Papaventos que terá lugar no Centro Social de Vedra:

- Sábado 22 de xuño ás 22:00 h: Andaravía Teatro "Bicos para Italia": Bicos volve á escena cunha versión adaptada coa que o grupo viaxará a Italia en xullo.
- A data anunciarase nas RRSS da asoci.: Xs Papaventiñxs: O grupo dirixido por Cristina Collazo amosaranos unha das súas novas creacións.

XVI RUTA CABALAR RÍO PEREIRO O 16 DE XUÑO

XVI RUTA CABALAR RÍO PEREIRO

SAN FINS DE SALES VEDRA

16 DE XUÑO 2019

9:30 h. Almorzo.

10.00 h. Saída da ruta. (Pinchos)

14.30 h. Comida na Carballeira do Souto.

SOBREMESA CON SORTEOS

HABERÁ ACTUACIÓN MUSICAL

Barra con prezos populares

Cubatas 3,50€ • Refrescos 2€

Prezo por persoa: 27€ • Menores de 16 anos: 17€

Venda de entradas:
• FOGAR DO AVO (A Susana)

Concello de Vedra
Construcións Sawendra & Cascabal
Comercial Agrícola Santa Cruz
Fogar do Avo

nº conta: 2080-0320-25-3000073179

Teléfono Contacto:
Marcos 648 443 257 / Graciela 636 098 295

PRAZO PARA RESERVAS DE ENTRADAS: 13/06/2019
NON SE VENDERÁN TICKETS O MESMO DÍA DA RUTA



AO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

■ Continúan os éxitos dos deportistas do Olímpico de Vedra:

En Vilagarcía o equipo cadete masculino, composto por Xián Castro, David Amigo, André González e Martiño Iglesias, logrou o subcampeonato galego de triatlón contra o reloxo por equipos.



Equipo Cadete Masculino de Triatlón.

E en Vigo no campionato galego cadete de atletismo o equipo cadete feminino, integrado por Manuela Raviña, Carla Pérez, Lucía Castro e Andrea Torres, logrou a medalla de bronce no relevo 4x100.



Equipo Relevo 4x100

No mesmo campionato Asier Cabo logrou a medalla de bronce en salto de lonxitude e Manuela Raviña fixo o propio no triple salto, mentres que Carla Pérez que a piques estivo de subir ao podio nos 300



Asier Cabo

metros lisos, logrou a mínima para o campionato de España Cadete.



Manuela Raviña

En triatlón Martiño Iglesias quedou cuarto na proba clasificadora para o campionato de Europa disputado en Madrid, a soamente un posto de lograr a clasificación e Miguel Daporta proclamábase subcampión do mundo de duatlón no grupo de 40 a 44 anos no mundial celebrado en Pontevedra.



Miguel Daporta

Xanela da Língua



■ Para o Día das Letras Galegas, Vedra presentou a súa campaña: "Ti + o galego, o galego + ti". Esta campaña contou coa participación dos centros educativos de Vedra na elaboración dun vídeo no que se reflicte a relación entre a nosa infancia e mocidade co galego! GRAZAS!! A cada un dos mestres e mestras que colaboraron e a cada unha das persoas participantes...Podes visualízalo vídeo no seguinte enderezo:

<https://www.facebook.com/concellodevedra/videos/828916504130398/>



Ademais agradecemos tamén a todas as persoas que colaboraron no Programa Dame a Chapa aportando e suxerindo as súas palabras máis fermosas do Galego.

PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.